



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 - 981 72 03 19 - 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU - 2000/175 CIF: P-1504400A

ANUNCIO

MODIFICACIÓN DA “ORDENANZA NÚM. 20, DE NORMAS XERAIS PARA O ESTABLECEMENTO OU MODIFICACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS POR ESTE CONCELLO E POLOS SEUS ORGANISMOS PÚBLICOS”.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Malpica de Bergantiños, en sesión extraordinaria, celebrada o día 24 de xuño de 2025, adoptou entre outros o seguinte acordo que literalmente se transcribe:

3º.- ESTABLECEMENTO DO PREZO PÚBLICO POR ACTIVIDADES ACUÁTICAS MEDIANTE MODIFICACIÓN DO ANEXO I DA ORDENANZA NÚM. 20 DE NORMAS XERAIS PARA O ESTABLECEMENTO OU MODIFICACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS.

EXPTE: 2025/G014/000002

O Concello de Malpica de Bergantiños ten programadas actividades de surf durante o verán. Ditas actividades terán como obxectivo iniciar nesta disciplina tanto a nenos/as como a persoas adultas.

Consta no expediente:

- Proposta da concelleira-delegada de data 13 de xuño de 2025 e providencia de alcaldía desa mesma data dispoñendo a incoación do procedemento
- Informe de data 13 de xuño de 2025, emitido pola animadora deportiva, no que se indica que o importe total do gasto das actividades acuáticas ascende a 8.000,00 € (segundo as quendas especificadas no informe) e se propón un prezo público de 20 €/sesión (2 horas). Segundo se manifesta neste informe o prezo público mencionado cubriría os custos da actividade, de conformidade co disposto no artigo 44.1 do Texto Refundido da Lei de facendas locais.
- Informe de tesourería emitido en data 16 de xuño de 2025.
- Informe favorable de intervención emitido en data 16 de xuño de 2025.

A competencia para o establecemento e modificación dos prezos públicos foi delegada polo pleno na Xunta de Goberno Local en virtude do acordo adoptado polo pleno en sesión extraordinaria de data 13 de xullo de 2023. Este acordo, de conformidade co preceptuado polo RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, estableceu, no que aquí interesa, que: “d) Os acordos que deban ser adoptados pola Xunta de Goberno Local no exercicio destas atribucións delegadas deberán ser previamente ditaminados pola Comisión Informativa correspondente, salvo os que sexan declarados urxentes, neste último caso darase conta á comisión do acordo tomado na primeira sesión que tivera lugar”.

En consecuencia, visto o establecido no artigo 47 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; o artigo 6º da Ordenanza non fiscal nº 20, de normas xerais para o

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).

establecemento ou modificación de prezos públicos; e o acordo plenario adoptado na sesión extraordinaria celebrada o 13 de xullo de 2023 onde se delega na Xunta de Goberno Local o exercicio da competencia de establecemento ou modificación de prezos públicos, propónse a adopción do seguinte,

ACORDO:

Primeiro. Aprobar o prezo público para actividades acuáticas, fixando unha tarifa de 20,00 € por sesión (2 horas) e participante.

Segundo. Crear un novo epígrafe 8 no Anexo I da Ordenanza nº 20 de normas xerais para o establecemento ou modificación de prezos públicos do Concello de Malpica de Bergantiños: “Epígrafe 8. Actividades acuáticas: Por participar nunha sesión (2 horas) de actividades acuáticas. Cota por participante/sesión: 20,00 €.”

Terceiro. Ordenar a publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia (BOP) así como no taboleiro de anuncios da Corporación aos efectos de información previstos no artigo 7 da Ordenanza nº 20 quedando a redacción do epígrafe 8 do anexo I da devandita ordenanza do seguinte xeito entrando en vigor ao día seguinte da súa publicación:

EPÍGRAFE 8. ACTIVIDADES ACUÁTICAS	Por participar nunha sesión (2 horas) de actividades acuáticas.	COTA
	Cota por participante/sesión:	20,00 €

Asinado dixitalmente en Malpica de Bergantiños
O alcalde

Asdo: Eduardo J. Parga Veiga